

Lei 6/1988, do 11 de xullo, pola que se fixa a retroacción de efectos da Lei 8/1987, do 25 de novembro, pola que se establece a gratuidade dos estudos de bacharelato, formación profesional e artes aplicadas e oficios artísticos nos centros públicos e a autonomía de xestión económica dos centros docentes non universitarios e a exención de taxas académicas e administrativas ós estudos de COU

Tramitación parlamentaria:

Proxecto de lei, BOPG núm. 262, do 3.6.1988. Corrección de erros: BOPG núm. 271, do 17.6.1988.

Acordo de tramitación polo procedemento de lectura única, DSPG núm. 90, do 7.6.1988.

Debate e aprobación polo Pleno, DSPG núm. 92, do 21.6.1988.

Publicación:

Boletín Oficial do Parlamento de Galicia núm. 276, do 28.6.1988.

Diario Oficial de Galicia núm. 141, do 26.7.1988.

Boletín Oficial del Estado núm. 197, do 17.8.1988.

Lei 6/1988, do 11 de xullo, pola que se fixa a retroacción de efectos da Lei 8/1987, do 25 de novembro, pola que se establece a gratuidade dos estudos de bacharelato, formación profesional e artes aplicadas e oficios artísticos nos centros públicos e a autonomía de xestión económica dos centros docentes non universitarios e a exención de taxas académicas e administrativas ós estudos de COU

A Lei 8/1987, do 25 de novembro, entrou en vigor nunha data en que xa estaba en plenitude o curso académico 87-88, polo cal no momento en que se debía efectuar a cobranza das taxas, antes do inicio de curso, se considerou aconsellable proceder á suspensión da dita cobranza en virtude dos enormes prexuícios que lles podería ocasionar tanto á Administración coma ós cidadáns o feito do ingreso dunhas cantidades por uns conceptos que ían ser suprimidos e que darían lugar a un proceso altamente dificultoso de devolución.

Sen embargo, ó non aparecer no texto de referencia unha cláusula que retrotraese os seus efectos ó momento citado de cobranza das taxas, obrigaría a proceder no momento presente a actuacións tendentes a esta cobranza que serían, evidentemente, unha consecuencia non querida, xa que a Lei 8/1987, do 25 de novembro, tivo a súa orixe nun estado de ánimo común a tódalas Comunidades

Autónomas, consistente na necesidade sentida de remover obstáculos de tipo económico para o acceso ó ensino de certos graos mediante a suspensión das correspondentes taxas xa para o curso presente, lóxica consecuencia dos altos principios constitucionais que se concretan no dereito á Educación Básica.

Considerando que se tende á exención de taxas académicas e administrativas en tódolos niveis educativos, parece procedente extende-la gratuidade ós estudos de COU, dando así cumprida resposta ás demandas sociais existentes na Comunidade Autónoma de Galicia.

Por todo o exposto, o Parlamento de Galicia aprobou e eu, de conformidade co artigo 13.2 do Estatuto de Galicia e co artigo 24 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu Presidente, promulgo, en nome de El-Rei, a Lei pola que se fixa a retroacción de efectos da Lei 8/1987,

do 25 de novembro, pola que se establece a gratuidade dos estudos de Bacharelato, Formación Profesional e Artes Aplicadas e Oficios Artísticos nos centros públicos e a autonomía de xestión económica dos centros docentes non universitarios e a exención de taxas académicas e administrativas ós estudos de COU.

Artigo 1

O disposto no artigo 1 da Lei 8/1987, do 25 de novembro, pola que se establece a gratuidade dos estudos de Bacharelato, Formación Profesional e Artes Aplicadas e Oficios Artísticos nos centros públicos e a autonomía de xestión económica dos centros docentes públicos non universitarios, surtirá efectos, en todo caso, para o curso académico 1987/1988.

Artigo 2

No curso académico 1988/1989 e seguintes os alumnos que cursen estudos de Orientación Universitaria (COU) estarán exentos do pagamento de taxas académicas e administrativas correspondentes ós mesmos.

Disposición derogatoria

Quedan derogadas tódalas disposicións que se opoñan ó disposto nesta Lei.

Santiago de Compostela, 11 de xullo de 1988

Fernando Ignacio González Laxe
Presidente